

O BOSQUE TERRORÍFICO



Lucia Alves Paz

Era o 31 de outubro, un día de moito frío. Diego e Hugo estaban moi emocionados por que ían ir a o cine ver unha película de terror.

Cando ían no coche, a súa nai, foilles contando historias de medo que lle aconteceran a ela de pequena e asustáronse moito. Chegaron a o cine e estaban moi asustados polas historias que lles contaran. De súpeto comezou a película; había zombis, vampiros e homes lobo. Cando aparecían na pantalla gritaban e saltaban das butacas. Tiveron medo toda a película.

Xa na casa co seu pai e seu irmán, decidiron ir todos a por chuches no seu barrio. Logo de unha hora andando foron tan lonxe que chegaron a un bosque que nunca viran , decidiron atravesalo para chegar antes a casa.

O ir adentrándose no bosque todo se volvía escuridade , os tres nenos ían pegados a seu pai, ¡tiñan moitísimo medo!

Escoitábanse son aterradores, eran as curuxas, morcegos voando ó seu redor, e outros animais facendo ruídos ó carón dos seus pes.

O seu pai díxolles que se colleran das mans e non se separaran por ningún motivo.

A Diego e Hugo víñanlles as imaxes de película do cine, tiñan moito medo e parecíanlles que detrás dun árbol ou un seto ía aparecer un zombi, vampiro ou home lobo.

O seu irmán pequeno choraba , -¡ quero ir para a casa!. De súpeto sentiron que alguén os estaba a seguir.

- Nenos, irnos mais rápido!- dixo o pai.

Os tres irmáns apuraron o paso como lles dixo o seu pai pero o que os seguía tamén apurou o paso.

Nenos, correde! - dixo o pai tirando deles.

Corrían como nunca, sen mirar para atrás . Pero o que os perseguía tamén corría cada vez mais.

Sentiuse un gruñido, e unha sombra escura botouse enriba de Diego tirando o neno ó chan.

Papá, papá, papá.....!. Axudaaaaa.! Quéreme comer!

O seu pai deu media volta e veu como un ser estaba enriba do seu fillo.

- Diegoooooooo!

- É Coco, o can de Manuel!

Os catro botáronse a rir mentres o Coco non paraba de lamber ós nenos e o pai. Calmáronse un pouco e volveron a camiñar para saír de alí os cinco xuntos , pero iso si, a paso lixeiro porque aínda que non viran zombis , vampiros nin homes lobo non querían estar un minuto mais nese sitio.

O próximo Samáin damos toda a volta, nada de atallos- dixo o pai mentres os nenos asentían cun sorriso na cara.

FIN